

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO

DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día dezoito de decembro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

1º Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar

O señor alcalde propón aos presentes que, de conformidade co establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal, en relación coa convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes, se pronuncien respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou

aprobar a citada proposta e ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

2º Alegacións ao Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas

A secretaria da corporación dá lectura á proposta que se trae ao pleno da corporación tal e como foi ditaminada favorablemente pola Xunta de Voceiros o día 16 de decembro actual.

O Sr. alcalde informa de que hai un escrito que van pasar a ler a continuación, que chegou esta mañá procedente da Consellería, e que quere que se inclúa na acta do pleno porque é importante.

A secretaria da corporación dá lectura ao escrito procedente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, rexistrado de entrada ao núm. 16018 o día 18 de decembro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“De acordo coas conversas habidas con ese concello nas últimas semanas, e de acordo igualmente co que lle manifestei a vostede diante dos medios de comunicación, quero poñer no seu coñecemento que os acordos chegados entre os representantes do Concello e da Consellería nas ditas reunións vai ser tida en conta para a configuración final do Proxecto Sectorial de Solo Residencial de Galicia que tramita esta Consellería. Por conseguinte, a Consellería retira do Plan Sectorial o proxecto sectorial que figuraba no Plan co nome de Lendoiro, e no seu lugar inclúiranse os sectores propostos por ese Concello no Polígono do Temple, Polígono de Graduill e o Sector dos Campóns.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que bota de menos a presenza do voceiro do PSdeG-PSOE, e pregunta se a primeira quenda de intervencións non lle tocaría ao equipo de goberno para tentar convencelos da súa proposta de alegacións.

O Sr. alcalde informa que o voceiro do PSdeG-PSOE se operou o luns, e que por iso non puido asistir, e pídlle ao Sr. Cubeiro que continúe coa súa intervención, porque xa está el aquí para contestar ao que haxa que contestar.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el o que pedía era que explicasen en que consiste a alegación e cal é a súa intención.

O Sr. alcalde responde que non hai problema. Di que a proposta que presentan hoxe é valorar as necesidades de vivenda en Cambre e onde situalas. Di que se elixiron tres zonas que xa figuraban nas Normas Subsidiarias como urbanas para edificar, que son as naves do Temple, que xa son urbanas, as naves de Cela, que tamén son urbanas, e a zona dos Campóns que tamén está clasificada, coa particularidade de que estaba cunha edificabilidade máis alta da que vai levar agora. Polo tanto, non se fai ningunha actuación en solo que non estivera clasificado con ese tipo de clasificación. Di que fan isto porque entenden que desenvolver un núcleo de vivendas para que a xente poida ter acceso a elas, sobre todo a xente nova, sería importante. Pensa que desenvolver o plan das naves de Cela é fundamental, di que son naves que están moi obsoletas, que levan moito tempo, e tamén teñen queixas dos veciños da zona. O que se propón é que se lles fagan unhas naves, ou outras parcelas no polígono de Espírito Santo, e que poidan trasladarse. E que ese é o mesmo criterio que trasladan ás naves do Temple.

Continúa dicindo que esa é a base fundamental pola que aceptan que se fagan vivendas en Cambre. Cre que é necesario e xusto que se fagan vivendas, outra cousa é o criterio que poida ter cada persoa sobre o tipo de vivendas. Di que as vivendas van a ser unha vivendas moi dignas, e unha das poucas oportunidades que poden ter para conseguir unhas vivendas a un prezo taxado, porque hoxe en día os prezos das vivendas estanse disparando e trátase dunha oportunidade única.

Conclúe dicindo que todos saben e coñecen que estas zonas das que están a falar levan moitos anos sen desenvolver e que, polo tanto, se agora teñen a oportunidade de facelo, hai que darlle a benvida.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez di que hoxe é unha boa oportunidade, xa que hai bastantes veciños de Cambre presentes, moitos máis do normal, e quere que vexan o respecto que ten esta corporación cara aos problemas graves de Cambre, porque hoxe non están dous dos concelleiros do PSOE. Di que iso significa que o banco da oposición ten hoxe moito peso, porque o PP ten unha posición manifestamente en contra dese plan, e se hoxe EU-IU e o PG reconsideran a súa postura, ese plan hoxe vai abaixo, nas súas mans está que este plan vaia adiante ou non. Di que teñen tempo, mentres dure a súa intervención e a do voceiro do BNG, para meditar e facer que ese plan vaia abaixo.

Sinala que, unha vez dito isto, a ninguén se lle escapa que este é un plan presentado neste momento porque en marzo vai haber eleccións autonómicas, e dende o BNG pensaron que isto lles ía xerar moitos votos. Por esa razón interesada di que eles comprenden a posición do BNG de Cambre. Publicouse no xornal Metropolitano unha entrevista do seu voceiro na

que tentaba convencer das grandes vantaxes que, ao seu entender, vai ter ese plan para Cambre. Decía que vai ter grandes zonas verdes, prazas de aparcamento, grandes zonas para colexios, centros de saúde, garderías, centros de día para os maiores. Di que poden resumir a entrevista dicindo que lles ofrecen un lugar ideal para vivir en armonía e felicidade.

Segue dicindo que, como xa dixo antes, ven a postura do BNG de Cambre en clave electoral. Ven claramente cales son os seus obxectivos, pero que, en calquera caso, non son eles os que gobernan Cambre. Cambre ten un equipo de goberno, e explica que cando di iso é porque así é como se chaman, pero que o certo é que nin son equipo, nin son goberno. Non gobernan. Están encabezados por un alcalde cansado, desmotivado, desinteresado, e o que é peor, un alcalde que despois de 30 anos gobernando, cre que Cambre é del.

Continúa dicindo que en Cambre levan dende o ano 1997 escoitando que pronto estará o Plan Xeral, levan 11 anos dende que se contratou a súa elaboración, son 130 meses, para chegar fai 2 meses á conclusión, neste mesmo pleno, de que hai que rescindir o contrato coa empresa redactora porque é imposible continuar así. Di que gastaron os veciños de Cambre 40 millóns de pesetas na elaboración dese plan, e que perderon 40 millóns e perderon 11 anos de progreso de Cambre.

Explica que fai mención ao Plan Xeral para poñerse en situación, porque ese plan debería recoller as necesidades actuais e futuras de Cambre. É un documento amplo que prevé as estradas que se necesitan, o saneamento, a auga potable, onde estarán e cantos serán os colexios que se necesitan, os centros de saúde, todos os servizos que se necesitan para un desenvolvemento armónico do concello. Un desenvolvemento armónico que o Plan de Vivenda non prevé.

Di que no documento de inicio do Plan Xeral dise claramente que a rede de saneamento de Cambre é insuficiente, que os accesos son insuficientes, porque a pesar de que por Cambre pasa a N-VI, a autoestrada do Atlántico, a autovía a Madrid, a N-550 a Santiago, a pesar diso, o documento de inicio reflicte claramente que as comunicacións son insuficientes xa na actualidade.

Expón que en Cambre teñen o encoro de Cecebre e a planta de tratamento de auga da Telva, que abastecen a toda a área metropolitana e, non obstante, son o único concello de toda a área metropolitana que sofre restricións en verán. Iso é porque a rede de auga potable é obsoleta, insuficiente, Cambre está crescendo dunha forma desorganizada e, dende logo, o recibo da auga non se dedica a mellorar as infraestruturas.

Di que podería continuar con múltiples promesas incumplidas, algunhas veñen repetíndose de forma reiterada dende fai 15 anos, pero pensa que para centrar a cuestión xa teñen bastante con ese avance.

Di que coa presentación do Plan de Vivenda ponse de manifesto a crise de goberno que se vive en Cambre, porque un plan que se fai público e se recibe na Alcaldía o día 28 de outubro, segundo consta no Rexistro de Entrada, un plan que pretende construír 1800 vivendas en Cambre sen mellorar os accesos, por consideralos suficientes, un plan que prevé espoliar as vivendas dos lexítimos propietarios, e que non haxa ningunha reacción positiva por parte da Alcaldía, demostra que en Cambre non hai goberno. Di que non houbo unha soa resposta positiva por parte do Sr. alcalde.

Pide que non se enganen, que están ante unha situación gravísima de desasosego dos veciños, e que os afectados están pasando un moi mal momento, porque no plan sempre se fala de expropiación, nunca se fala de permuta ou de chegar a acordos. Expropiación é a única palabra que repite o plan da Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, gobernada polo BNG. Estase a falar de quitarlle a casa e os terreos á xente humilde para presumir de solidariedade ante a sociedade galega.

Di que este é un plan inxustificado no número de vivendas, porque está baseado nun rexistro que permite apuntarse aos dous membros da parella en catro concellos, polo que dos 1500 expedientes que a Consellería di que hai en Cambre nestes momentos, realmente poderían ser soamente 187, porque 1500 solicitudes divididas entre os dous membros da parella, e entre os catro concellos, ten como resultado 187 demandas.

Di que é tamén un plan inxustificado porque o 40% de vivendas que obriga a lei actualmente a destinar a vivenda de protección oficial, coas novas construcións que están previstas en Cambre para os próximos anos, solucionaríase ese problema, sen necesidade de expropiar nada a ninguén.

Sinala que, respecto dese punto ten que dicir que o Concello de Cambre, como todos os concellos de Galicia, xa antes da entrada en vigor da lei do 40%, xa recibía o 10%, só que os gobernos progresistas do PSdeG-PSOE e do BNG decidiron que era mellor venderlle eses terreos aos propietarios, que destinar ese 10% das actuacións urbanísticas a vivendas de protección oficial. Por iso se lle fai difícil entender agora o seu furor por construír vivendas de protección oficial, cando estivo nas súas mans, durante moitos anos, un 10% de todo o que se construíu no concello, e non o fixeron, senón que preferiron venderlle eses terreos ao promotor de novo, e non destinalos a vivendas de protección oficial.

Di que ata hai pouco, os concellos de Galicia, lamentablemente poucos, tiñan terreos en propiedade que lle cedían á Xunta de Galicia, e esta construía e promovía vivenda de protección oficial. Así foi como se estivo facendo ata hai pouco nos concellos que tiveron vontade de construír vivenda oficial, que non foi o caso de Cambre.

Di que este é un plan inxustificado e desproporcionado porque propón construír en Cambre un número de vivendas similar ao da Coruña, sen ter en conta que en Cambre son 23000 habitantes e na Coruña 250000. É moi difícil crer que a demanda de vivenda sexa a mesma en Cambre que na Coruña.

Este é un plan inxustificado e desproporcionado porque propón construír en Cambre 1800 vivendas que son 40 veces máis que en Sada. En Cambre son 23000 habitantes e en Sada 14000.

Di que é un plan inxustificado por moitas razóns, pero que o máis inxustificable de todo este proceso é a actuación do Sr. alcalde. Non só non cumpriu co compromiso adoptado no pleno do mes de novembro de abrir unha oficina de información aos cidadáns, senón que tachou de impresentables aos que si informaron aos veciños. Di que os acusaron de encerrar á xente, esas foron as palabras que se puideron ler nas notas de prensa que mandou o Sr. alcalde. Esa é unha mostra clara do que valora a capacidade dos veciños para tomar as súas propias decisións. Di que como quedou claramente demostrado nestes días, os veciños teñen criterio, saben unir-se para defender o que lexitimamente lles pertence, e tería que mostrarlles maior respecto, ou se non, marcharse.

Continúa dicindo que respecto das alegacións, que é o que lles ocupa neste momento, a eles non lles gustan. Di que con esas alegacións dálle a sensación de que están xogando ao monopoli con Cambre. Así o viu na penúltima xunta de voceiros na que estivo, chegou o alcalde, fixo a súa proposta, e xogaron ao monopoli, saco casas de aquí as meto alí, saco fábricas de aquí as meto alá. Así, con esa facilidade, e en cinco minutos. Di que levan 11 anos e 40 millóns de pesetas gastados para facer un Plan Xeral, e a ninguén se lle ocorreu que eles, en cinco minutos, quitan e poñen, e solucionan o problema de Cambre. El sinceramente non é capaz de entender como teñen peito para facer iso.

Di que coas alegacións consiguen trasladar o problema aos veciños de Sigrás, que ata hoxe estaban á marxe, e por riba de metelos, eses veciños agora non poden alegar.

Non comparten as alegacións nin na forma, nin no fondo. Di na forma porque non poden consentir que ante o espolio das súas casas, só sexan capaces de suplicar, e di suplicar porque é o que pon nas alegacións: “debería”, “podería”, “sería conveniente”. Esa non é a forma, xa llo dixo cando foron as alegacións á Vía Ártabra. O Concello de Cambre, cando teña que defender os lexítimos intereses dos veciños, ten que ser firme, non se poden facer as alegacións así rogando, porque está en xogo o patrimonio dos veciños.

Dixo antes que neste pleno a responsabilidade de EU-IU e do PG é grande, porque hoxe a decisión está nas súas mans.

Conclúe dicindo que, por último, quere recordarlle a todos os voceiros que onte estiveron no Graxal, perante os veciños, e que se comprometeron con eles a que se ese plan é só expropiatorio, sen posibilidade de permutar e negociar, entón dixeron que o rexeitarían. Por iso lles pide que hoxe se reiteren niso, que quede constancia en acta de que os voceiros dixeron onte, e que volven dicir hoxe, que se hai expropiacións, rexeitan o plan, aínda que lles di que tamén teñen a posibilidade de rexeitalo xa agora.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, dille ao Sr. Cubeiro que seguramente debe de ser unha persoa moi insegura que necesita traer todo por escrito para lelo, non se debe crer moi ben as cousas que di e ten que lelas, e sobre todo necesita lelo para non equivocarse, e se cadra hai alguén que lle marca o guión, e para que non se aparte del ten que repetilo desa maneira.

Di que outros non necesitan facelo así, sobre todo porque teñen palabra. O que queren é o que din e é o que cumpren, claro está cando teñen os apoios suficientes. Cada un ten responsabilidade das cousas que ten responsabilidade, non doutras. Dille que non pretenda acender o ventilador e repartirlle a todo o mundo as responsabilidades que o Sr. Cubeiro sabe están perfectamente delimitadas, e cada quen ten as súas.

Di que está claro cal é a dinámica na que se quere meter, á política lle vale todo e á táctica lle vale todo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir orde na sala e que se deixe falar aos voceiros.

Continúa dicindo o Sr. Iglesias Oviedo que resulta difícil manter o fío con constantes interrupcións, pero que o vai a tentar. Dille ao Sr. Cubeiro que iso de que vale todo para conseguir determinados obxectivos, determinados aplausos, pode ter un rendemento a curto prazo, pero co tempo pode volverse contra el, porque desas cousas que está dicindo agora

vanlle pedir contas dentro dun ano, dous ou tres, os mesmos veciños aos que estivo enganando, porque estivo facendo un traballo de desinformación.

Toma a palabra o Sr. alcalde e volve pedir orde na sala. Di que van seguir co tema e pide respecto e que se escoite ás persoas que están falando. Di que seguir curtando as intervencións non é o sistema para escoitar o que se di. Poden estar ou non de acordo, pero pide que se escoite o que din os voceiros. Non quere verse obrigado a desaloxar a sala porque esa non é a súa idea. Pensa que se debe de escoitar, que iso é o importante.

O Sr. Iglesias Oviedo segue dicíndolle ao Sr. Cubeiro que pensa que o que quere é que todo vaia mal, que non se solucionen toda esa cantidade de problemas que citou, e que todos coñecen e poden citar de memoria, sen necesidade de lellos, pero que o Sr. Cubeiro non quere que teñan solución, porque lle vai ben cando as cousas van mal, ou iso é o que cre el, pero que xa lle dixo antes que as cousas se poden volver contra el.

Di que é significativo que agora lle quera botar enriba a pelota a outros grupos políticos, nunha falta de respecto total e absoluta. En todo caso, é o seu método de traballo. O PP está demostrando como actúa, como actúa en todas partes e como actúa agora en Cambre. Se pensan que teñen rendemento así, que sigan por esa vía, pero el cre que están equivocados.

Di que a alegación á que deu lectura a Sra. secretaria é a proposta do Concello de Cambre sobre o Plan Sectorial de Vivenda. Iso quere dicir que a maioría da corporación, dos grupos políticos que van apoiar esa proposta non estaban de acordo coa proposta que fixera a Consellería de Vivenda e Solo, e por iso estiveron negociando, traballando e discutindo ata chegar á conclusión de que había que retirar un ámbito dese plan, como así teñen negociado coa Consellería, e como así lles teñen notificado ata por escrito dúas veces. Por se non quedaba claro o primeiro escrito da Consellería, hoxe enviaron outro confirmando que non era só unha intención, senón que retiraban ese ámbito. Pensa que iso debería dar tranquilidade a unha gran parte da xente, e sobre todo a unha zona onde estaba a maior parte dos afectados.

Continúa dicindo que os outros sitios que se propoñían ao principio, no Graxal, no Temple, e os tres novos que se propoñen, non son sitios novos para construír, son sitios que dende 1994 están cualificados nas Normas urbanísticas Subsidiarias de Cambre como edificables, como urbanizables para a construción residencial de vivendas. Os polígonos de Cela e do Temple, e as dúas unidades de actuación urbanísticas que están nos Campóns, están todas elas nas Normas Subsidiarias vixentes. Di que se se preguntan por que non se

desenvolveron, a resposta é porque son privados, e son os propietarios os que saberán porque non se desenvolveron.

Di que agora teñen unha oportunidade, fundamentalmente nos dous polígonos, de que por iniciativa pública, con diñeiro público, se poidan facer unhas actuacións urbanísticas que consigan vivenda de calidade, a baixo prezo para a xente, que os doten de espazos para equipamentos, de zonas verdes, etc. Pensa que hai que aproveitar esa oportunidade. Haberá a quen lle pareza mal, pero, en todo caso, aí son os representantes políticos de Cambre, os que están respaldados por votos electorais, os que teñen que tomar as decisións. Pregunta quen vai estar en contra de que desaparezan dous polígonos obsoletos, fóra de ordenación, e ademais cando xa está previsto así nas Normas Subsidiarias.

Di que pensa que todo o mundo sabe que iso é así, e o único que se fai coa alegación que a maioría de grupos municipais do concello vai aprobar, é dicirlle á Xunta que están de acordo co Plan de Vivenda protexida, que están de acordo con que se faga ese investimento en Cambre, que están de acordo con que queren que se lles dote de miles e miles de metros cadrados de equipamentos e zonas verdes, pero que, ademais, queren que se faga onde xa o Concello de Cambre tiña decidido que se medrase urbanisticamente. Iso é o que están facendo, adiantar un proceso urbanizador por varios anos, facelo con investimento público, conseguir vivenda para os mozos e para a xente traballadora a prezos que hoxe son absolutamente impensables, e dotarse, ademais, dos espazos necesarios para construír os colexios, centros de saúde, zonas deportivas, etc., que pensa que todo o mundo está de acordo en que o Concello de Cambre carece.

Continúa dicindo que o Sr. Cubeiro dixo que agora hai veciños que non poden alegar. El non sabe se é descoñecemento ou intención de mentir e seguir confundindo descaradamente, porque o concelleiro do PP ten que saber perfectamente que esta primeira fase do Plan Sectorial é simplemente para a delimitación do solo onde se vai actuar, que unha vez aprobado, no caso de que se aprobe, cada sector dos que se van a desenvolver vai a ter o seu propio proxecto de sectorialización e o seu período de exposición pública, no que os veciños, os interesados, os afectados, ou quen queira, vai a poder intervir. O Concello de Cambre e todos os grupos municipais terán tamén que personarse nese momento para ver se as propostas que para cada un deses sectores se fagan son as necesarias, son as suficientes e son as adecuadas para os intereses que teñen que defender todos eles, que son os intereses públicos, os intereses da maioría.

Pensa que o mesmo que pasou onte, el se atopa hoxe perante un auditorio ao que non vai a convencer, que non lle vai a dar a razón, pero, en todo caso, pide como mínimo o mesmo

respecto que tivo onte para poder manifestar a súa posición. Di que os compromisos do seu grupo quedaron xa publicamente explicitados onte, polo que non cre que sexa necesario repetilos hoxe. Di que está claro cal é a actuación que eles van a ter para defender os intereses xerais, pero tamén os lexítimos intereses dos particulares que se vexan afectados. Van a aceptar, van a intentar e van a negociar para que o proceso de obtención do solo sexa un proceso sempre negociador, e de mutuo acordo, e que contemple os intereses, e beneficie aos posibles veciños afectados. Iso é o que eles van a facer, como cre que van a facer todos os grupos municipais.

Conclúe dicindo que para Cambre este proxecto é unha oportunidade. Que cando se presentou era un proxecto, e era unha obrigaón de todos os grupos personarse nel para melloralo e non permitir que cousas que estaban mal enfocadas seguiran adiante. Modificárono, fixeron un proceso de diálogo e de negociación, como hai que facer na política, e como hai que facer dende a responsabilidade institucional para obter os mellores beneficios para este concello. Di que é unha oportunidade que a Xunta de Galicia invista 50 millóns de euros nunha situación de crise económica como a que se vive, para que se manteñan postos de traballo, para que se creen outros novos, para que o comercio e a hostelería do concello, que en moitos casos está agonizante, e con malos augurios para o futuro, que poida ter unha mellor expectativa. Pensa que sería unha irresponsabilidade da corporación non aceptar un plan que é bo, que o melloraron, e que ademais ese acordo xa está tomado e feito coa Consellería para aceptar todas as cousas que o Concello de Cambre propuxo. Nese sentido o seu voto non pode ser desfavorable, sería unha auténtica irresponsabilidade.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, por alusións, quere dicir que hai uns días leu nunha xunta de voceiros varias das cousas que aparecen no documento oficial da Xunta, como é que sempre se fai mención á expropiación: *“aos efectos da expropiación forzosa”, “as actuacións previstas neste plan sectorial serán executadas mediante o sistema de expropiación forzosa”*, todo iso é o que se di no documento, e o Sr. voceiro do BNG o outro día lle dixo que non sabe ler, e hoxe lle di que ten que escribir para vir aquí a lelo, pídelle que non se contradiga, ou sabe ler ou non. Pídelle que non diga esas cousas, que cada un fai e fala como cre que debe facelo, e se el considera oportuno escribir algo, escríbeo, e se considera oportuno lelo, faino, e dille ao Sr. Iglesias que el fale, lea ou que faga o que queira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que en primeiro lugar, en resposta ás manifestacións feitas polo concelleiro do PP, dende logo, eles o que non van en ningún caso a facer é caso das proposta que veñen do PP, tendo en conta,

ademais, que parece que aquí non existe memoria, porque o máximo responsable de que en Cambre teñan o goberno que teñen, é o PP. O Sr. Cubeiro é cómplice de ter en Cambre ese goberno.

En segundo lugar, respecto das alegacións di que quere facer unhas pequenas aclaracións que ao seu grupo non lle satisfacen no seu conxunto, porque, efectivamente, hai unhas dúbidas que algúns veciños xa manifestaron onte, e que el quere concretar agora, e que se refiren á ambigüidade que ten algunha das alegacións que se presentan. Por exemplo, o segundo punto da alegación, onde di: *“Aceptar os do Graxal e o Temple, coas seguintes consideracións ineludibles que deberán figurar nas determinacións dos proxectos sectoriais que desenvolvan cada ámbito.*

O ámbito do Graxal debería prever a inclusión do resto de solo rústico....”, propoñen que se poña *“O ámbito do Graxal deberá prever....”*, pensa que a palabra *“debería”* hai que cambiala por *“deberá”*. E no seguinte parágrafo, onde pon: *“Así mesmo deberá procurarse”* propoñen que se poña *“deberá realizarse unha conexión...”* para que quede máis claro.

Continúa dicindo que, feitas esas aclaracións, a súa postura non vai a cambiar practicamente nin un ápice. Di que son conscientes do que dixeron onte perante os veciños e veciñas do Temple, e que son conscientes do que van a dicir agora, e non van a facer caso a ninguén que veña a facerlles agora propostas que non coinciden para nada coas do seu partido. Di que o seu grupo se vai a reafirmar nas propostas e no que dixeron onte. Así, manifestan a súa crítica, en primeiro lugar, ao Sr. alcalde, como xa lle dixeron onte, pola falta de comunicación por parte dos responsables do goberno, que a pesar da cantidade de mecanismos e de medios cos que conta o concello, non poden dicir que houbera unha verdadeira transparencia na información, sobre todo aos afectados por ese plan. Din que o proceso de información debería ser máis efectivo, cunha profunda difusión para non dar lugar a confusións e informacións distorsionadas, que efectivamente si que as houbo.

Di que a un tema de tanta transcendencia para o municipio debería dárselle moitas máis facilidades e coñecemento. Dille ao Sr. alcalde que, unha vez máis, el e o seu equipo non estiveron á altura, e foron por detrás do problema, cando debería ter sido o primeiro en poñerse a disposición dos veciños e facilitarlles ao máximo a información e o apoio nun tema tan relevante como o que están a falar. Por iso loitaron e se manifestaron en todas as reunións, dende o primeiro momento, e mantiveron unha postura transparente, sen rexeitar o plan no seu conxunto, que existían outras alternativas menos agresivas en canto á localización dalgunha das actuacións, que resultaría menos agresiva aos intereses veciñais, que é a posibilidade de recurtar o número de vivendas previsto.

Manifesta que deixan moi claro que rexeitaron dende sempre a actuación prevista na zona da Barcala e Lendoiro por considerala agresiva, tanto para os intereses dos cidadáns como para o territorio, e así o manifestaron publicamente, en diversas reunións, aos veciños que se puxeron en contacto co seu grupo. Pero di que tampouco ocultaron a posición do seu grupo a prol de que en Cambre se constrúa vivenda protexida, non o ocultaron por coherencia co seu programa electoral e con moitos veciños e veciñas que o teñen pedido moitas veces. Di que EU-IU vai ser fiel aos seus principios e ao seu compromiso coa cidadanía de Cambre.

Expón que, para eles, este plan debe dar respostas ás verdadeiras necesidades de vivenda en Cambre, cun procedemento sostible, adaptado ás necesidades da poboación, que impida que elementos tan básicos como solo e vivenda se sigan convertendo en obxecto da especulación económica, no lugar de cumprir cos fins que a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía establecen sobre o dereito da cidadanía a dispoñer dunha vivenda nas mellores condicións e a un prezo asequible, facilitando o acceso ás persoas, e a todos os sectores sociais desfavorecidos que, na actualidade, ven imposibilitado ese dereito. Pero iso sen esquezercer, en ningún caso, os dereitos lexítimos, e respectando ao máximo os intereses colectivos dos afectados polo plan.

Di que pensan que o obxectivo do concello debe ser contribuír a que se dea un verdadeiro equilibrio entre os intereses, por un lado, da construción de vivenda, que trata de beneficiar á economía en xeral do concello, e por outra a defensa dos intereses dos veciños e veciñas. Por ese motivo di que solicitaron no pleno do mes pasado que se habilitara unha oficina de información aos veciños, para que estes tiveran a maior información posible á hora de facer as súas alegacións. Iso non se fixo e as consecuencias son evidentes.

Dille ao Sr. alcalde que unha actuación da importancia da que se pretende executar en Cambre precisa, cando menos, dun estudo sobre as necesidades reais da demanda de vivenda na poboación do municipio, e sobre todo da súa localización. Por iso o seu grupo xa presentou unha iniciativa, a modo de rogo, no pleno de xaneiro pasado. Di que o concelleiro responsable de Facenda respostou que non era necesario facer ningún censo en Cambre de demandantes de vivenda, porque xa o tiña a Xunta de Galicia. Eles insistiron en que sería moito máis obxectivo e para coñecemento da propia corporación que se fixera aquí en Cambre. A resposta seguiu sendo que non, pero ante a súa insistencia díxose que se faría. Unha vez máis iso non se cumpriu e a situación é a que teñen agora. O tempo e as circunstancias viñeron a darlles a razón, e agora dubidan dos datos que ten a Xunta.

Continúa dicindo que a xuízo do seu grupo é imprescindible que a posta en práctica desa actuación, coas alegacións presentadas, se acompañe dun plan de mobilidade sustentable, que oriente as políticas de transporte e as infraestruturas urbanas do Concello de Cambre, cara a un modelo de transporte colectivo que garanta a comunicación, nas mellores condicións de mobilidade e seguridade, no propio concello e na área metropolitana. Neste sentido, di que o seu grupo pensa que cómpre a elaboración dun estudo de sostenibilidade que contemple, ademais, as futuras necesidades de equipamentos que permitan deseñar unhas infraestruturas con capacidade para dar servizo á poboación, centros de saúde, centros de ensino, auga, saneamento, aparcamento, servizos sociais, etc., cuestións que o conxunto da corporación debe ter en conta e actuar co máximo rigor e responsabilidade, porque están falando da planificación do seu concello, e polo tanto falan do futuro de Cambre.

Di que, en liña co exposto anteriormente, o seu grupo, como manifestaron onte, vai a propoñer que no ámbito da Comisión Especial do Plan Xeral se cre unha comisión, ou subcomisión de seguimento dese plan, onde estean presentes os técnicos municipais, os voceiros de todos os grupos, e os representantes elixidos das entidades veciñais que teñan algo que ver co Plan de Vivenda, porque el si pensa que as comisións poden servir para algo.

Conclúe dicindo que, para rematar, e para que non haxa dúbidas de ningún tipo, dicir que o seu grupo respecta ao máximo o lexítimo dereito que teñen as persoas de mobilizarse, sobre todo en defensa dos seus intereses e dos seus bens. E di que o seu grupo municipal defende e defenderá os intereses colectivos do conxunto da cidadanía de Cambre en defensa da súa calidade de vida, e que non van apoiar ningunha alternativa nin proposta que favoreza intereses urbanísticos escuros e especulativos no seu territorio, pero tampouco van apoiar nada que obedeza a pretensións partidistas ou electoralistas, que aínda que sexan respectables, pouco ou nada teñen que ver cos dereitos dos cidadáns no acceso a unha vivenda digna.

Toma a palabra o Sr. alcalde para confirmar que se van a recoller as dúas matizacións que fixo o voceiro de EU-IU.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que con respecto ás alusións que fixo o concelleiro do PP de que responsabiliza a EU-IU e ao PG de que se aprobe ou non o Plan de Vivenda, parécelle que o Sr. Cubeiro debería defender o seu voto, e que os demais defenderán cada un o seu. Di que el non cambia o seu voto polo oportunismo de que haxa máis ou menos concelleiros presentes, nin o fará nunca.

El cando vota é convencido de que é o mellor que pode facer polos veciños de Cambre, e o seu voto vai ser o que xa explicou onte aos veciños que estiveron na asemblea. Di que vai apoiar a modificación do proxecto presentado pola Consellería, e que se fagan as alegacións necesarias. Di que se informou de que hoxe chegara un fax da Consellería reiterando que se van a aceptar as modificacións que se fan dende o concello, e volve dicir que el non cambia o seu voto por razóns de oportunismo, de que haxa máis ou menos concelleiros, senón que el vota en consecuencia ao que pensa que debe votar e, por tanto, vai votar a prol da alegación.

Di que tivo dúbidas nalgúns temas, e así o dixo no seu momento aos veciños, agora xa aclarou esas dúbidas e, en consecuencia, considera que debe apoiar a proposta.

Pide ao Sr. Cubeiro que non lle bote a pelota a ninguén, que el tamén en ocasións votou en contra de todos os demais nalgún dos temas que se trouxeron ao pleno, e que outros grupos votaron a prol ou abstivéronse en cousas que, ás veces, afectaban a todos os veciños, porque este tema afecta a unha parte dos veciños, pero el lembra que no pleno que se fixo para aprobar a modificación das ordenanzas fiscais aprobouse unha subida da auga do 8%, e o único que votou en contra foi el, os outros grupos votaron a prol ou abstivéronse. Di que a el non lle caen os aneis por votar el só en contra, el vota en consecuencia coa súa opinión, e segundo o que pensa que ten que facer. Por tanto, unha vez que aclarou os temas sobre os que tiña dúbidas, tomou a decisión de apoiar as alegacións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di que como o seu grupo foi o centro do debate, gustaríalle puntualizar catro cousas que non quedaron suficientemente claras.

Primeiro dicirlle ao voceiro de EU que non teña dúbida, que a postura do PP é a que defenden os veciños. Non é a postura do PP, é a postura obtida tras falar cos veciños estas semanas pasadas, é o que lle transmitiron os veciños ao seu grupo.

Tamén nese sentido di que lle pide dignidade ao voceiro do BNG, pídelle dignidade e que non lles diga aos veciños que están enganados, que saia do seu despacho, que baixe da súa nube, que fale cos veciños e que lles pregunte quen lles está enganando.

Di que se fartaron de dicirlles que hai moitos espazos para equipamento, que hai moitos espazos para colexios, para bibliotecas, que hai espazos para facer de todo, pero di que o certo é que non hai nin un só duro para facer eses colexios ou esas estradas que se

necesitan. Todo son promesas, pero nin un só duro, ou mellor dito, corríxese, si hai diñeiro, di que hai 50 millóns para expropiar os terreos dos veciños.

Conclúe dicindo que se sacou totalmente de contexto este tema, que falaron de desinformación, e pregunta se saben que o Plan Sectorial di que pola Tapia van a pasar cada día 7000 vehículos máis. Di que non o saben porque non o leron, senón que se dedicaron a defender un plan que lles beneficia electoralmente, pero que non beneficia a ningún veciño de Cambre, nin do Graxal, nin de Sigrás, nin da Pena da Nosa Señora.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que unha mentira se pode repetir 1000 veces, pero que iso non quere dicir que se vaia a converter en verdade. Di que sabe que el non vai a recibir os aplausos que recibiu o concelleiro do PP, pero que o concelleiro sabe que o que dixo é mentira. Di que evidentemente non veñen marcados os equipamentos no plan, o que ven marcado é canta superficie, cantos miles de metros cadrados van a poñer a disposición do Concello de Cambre para que sexa a corporación municipal a que decida neses espazos se o que se vai a facer son colexios, centros de saúde, equipamentos deportivos, etc. O que non pode é vir a Xunta de Galicia, 3, 4 ou 5 anos antes de que iso estea feito, e dicir que é o que se vai a construír neses terreos, senón que eses terreos entregaranse ao Concello de Cambre para que decida o seu futuro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que vista a intervención de todos os grupos vaise a propoñer a votación da alegación coas salvidades feitas polo voceiro de EU-IU, e que se incluírá na acta o comunicado da Xunta de Galicia para que quede constancia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PP.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a alegación ao Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas, segundo se transcribe literalmente a continuación, á que se achegan, como anexo, 11 planos:

“ASUNTO: ALEGACIONES AO PLAN SECTORIAL DE VIVENDA

Con data 28 de outubro do presente ano recíbese escrito da Consellería de Vivenda: Proxecto do Plan Sectorial do Solo de Galicia acompañado dun soporte dixital no que se desenvolve o mesmo.

Examinada a documentación, compróbase que na área funcional de A Coruña, se prevé en Cambre a construción de 1.423 vivendas protexidas e 354 libres; en total 1.777 vivendas a desenvolver en tres ámbitos denominados no proxecto sectorial como:

	<i>SUPERFICIE</i>	<i>VIVEND PROTECC.</i>	<i>VIVENDA LIBRE</i>
<i>TEMPLE</i>	<i>34.442</i>	<i>155</i>	<i>38</i>
<i>O GRAXAL</i>	<i>99.400</i>	<i>418</i>	<i>104</i>
<i>LENDOIRO</i>	<i>219.697</i>	<i>850</i>	<i>212</i>

Do estudo destes tres ámbitos compróbase que:

TEMPLE:

O ámbito denominado Temple, que se atopa situado entre o colexio Portofaro, a rúa Travesía da Coutelana e o vial de acceso á autoestrada AP-9 correspóndese co solo rústico apto para urbanizar residencial denso SAU-RD1 da Barcala (U.P.) de urbanización prioritaria cunha densidade de 60 vivendas por hectárea e 0,65 de aproveitamento tipo a desenvolver en baixo e dúas ou tres plantas.

GRAXAL:

O ámbito denominado O Graxal atópase situado ao norte da estrada nacional VI abarcando o solo ata o límite municipal e parte do termo municipal de Oleiros.

Nas Normas Subsidiarias Municipais, este ámbito ten as clasificacións de solo urbano non consolidado – Unidade de Execución nº 19 (Vivendas adosadas modernistas) cunha edificabilidade de 0,5 m2/m2 para edificar baixo máis catro plantas cunha superficie de 15.538 m2 e unha zona sen clasificar que foi resultado dunha modificación dos límites municipais con Oleiros dunha superficie de 4.859 m2. O resto do ámbito incluído no plan sectorial obxecto de informe ten unha superficie de 31.666 m2 e a clasificación do solo é de Solo non urbanizable non protexido – Solo rústico común.

O resto do ámbito de 47.341m² atópase no termo municipal de Oleiros.

LENDOIRO:

O ámbito denominado Lendoiro abarca unha superficie de 219.697 m² e atópase a ambos lados da estrada provincial CP-1706 ao seu paso polo núcleo rural de A Barcala e en contacto coa urbanización do mesmo nome.

As clasificacións do solo deste ámbito nas Normas Subsidiarias Municipais é de:

- Solo rústico apto para urbanizar – BD3 cunha superficie de 111.945 m² e unha densidade máxima de 15 vivendas hectárea e 0,30 m²/m² de aproveitamento tipo.*
- Solo urbano residencial de núcleo rural cunha superficie de 30.944 m² cunha edificabilidade de 0,35 m²/m² con tipoloxía de vivenda unifamiliar illada ou adosada en parcela mínima de 600 m².*
- Solo non urbanizable interior a núcleo rural cunha superficie de 26.250 m² na mesma tipoloxía e cunha edificabilidade de 0,2 m²/m² en parcela mínima de 1.000 m².*
- Solo urbano de equipamento cunha superficie de 42.598 m².*
- Solo non urbanizable especialmente protexido de cauce cunha superficie de 3.321 m².*

Do estudo dos tres ámbitos propostos, obsérvase que se ben os dous primeiros son viables urbanísticamente con arreglo ás Normas Subsidiarias Municipais vixentes e ás previsións do Plan Xeral que non chegou a ter aprobación definitiva por parte da Consellería, pero que preveía a clasificación como solo urbanizable o ámbito ao norte da estrada N-VI.

Con respecto ao ámbito de Lendoiro, as previsións municipais eran de solos de baixa densidade, así como solos de equipamento que a Corporación pretende obter para a construción dun novo colexio de Educación Infantil e Primaria para o próximo ano.

Por todo isto, proponse:

Primeiro : A supresión do ámbito de Lendoiro, co fin de non situar ningunha vivenda

Segundo: Aceptar os do Graxal e o Temple, coas seguintes consideracións ineludibles que deberán figurar nas determinacións dos proxectos sectoriais que desenvolvan cada ámbito

O ámbito do Graxal deberá prever a inclusión do resto de solo rústico que linda coa unidade de execución número 7, procurando respectar as vivendas unifamiliares que se atopan no seu contorno, así como estudar en profundidade os déficits de equipamentos e espazos libres que ten a zona do Temple e prever unha reserva suficiente que permita paliar tales déficits.

Así mesmo deberá realizarse unha conexión viaria que atravesase a Nacional VI, co obxecto de permitir a accesibilidade entre a nova actuación e o núcleo urbano do Graxal onde se atopa situado o colexio.

Sobre o ámbito do Temple debe terse en conta a proposta de solución dos viais 11 e 17 do Plan Sectorial da Rede Viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxa fotocopia se achega.

Por iso, e respecto deste ámbito deberase: construír unha rotonda que conecte a estrada de Cambre ao Temple coa estrada AP-9 na zona da antiga peaxe e que discorre ata a estrada de San Pedro de Nós a Agegondo, segundo o Plan Sectorial da Rede Viaria.

Terceiro: *Propónse incluír no plan sectorial tres novos ámbitos*

Un ámbito nos Campóns que abarca unha superficie de 111.268 m² clasificados nas Normas Subsidiarias Municipais como Solo rústico apto para urbanizar residencial de media densidade e residencial denso que se propón establecer cunha densidade de 0,3 m²/m² que permita conservar as edificacións residenciais que existen no seu interior.

E respecto deste ámbito deberá mellorarse a conexión coa autovía A-6 no enlace da Rocha.

Dous ámbitos de solos industriais incluídos en solos urbanos de O Temple e Cambre que nas Normas Subsidiarias se prevé cambiar o seu uso a residencial cunha edificabilidade de 1 m²/m², que para ser viables urbanísticamente sería necesario o xestionar simultaneamente unha ampliación do solo industrial do Polígono do Espírito Santo que permitise o traslado das empresas que desenvolven actividades nestes polígonos.

Respecto deste ámbito deberá terse en conta que:

- *O polígono de Cambre deberá conectarse coa Via Ártabra ao seu paso por Cela co fin de comunicar as parroquias de Cela e Brexo.*
- *Para o desenvolvemento dos polígonos de Temple e Cela é necesario que a consellería se faga cargo a través de Xestur, da xestión da ampliación do Polígono Industrial do Espírito Santo co fin de que as empresas situadas neles se poidan trasladar ao citado polígono.*

Cuarto: Solicitar que os prezos e valoración dos terreos e da construción sexan máis altos, equiparándoos aos dos concellos limítrofes de Culleredo e Oleiros.”

Segundo: Remitir a dita alegación ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, para os efectos previstos no anuncio do 20 de outubro de 2008 polo que se somete a información pública e consultas o proxecto de Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas e informe de sustentabilidade ambiental do Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas (DOG n.º 207 de 24 de outubro de 2008).

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia